



Concello de Meaño

ACTA DA UNIDADE TECNICA CONVOCADA PARA A VALORACIÓN DAS OFERTAS PRESENTADAS NA LICITACIÓN DO SERVIZO “LUDOCONCILIA MEAÑO NO VERAN: SOMOS IGUAIS – CORRESPONSABILIDADE 2024” .

EXPEDIENTE: 270/2024

Na Casa Consistorial de Meaño, ás 09:00 horas do día 14 de xuño de 2024 reúnese a Unidade Técnica, convocada mediante Resolución da Alcaldía de data 14/06/2024, nº 2024-0339, integrada polo Sr. Alcalde D. Carlos Vieitez Fernández, D^a Beatriz López De Castro García, secretaria-interventora, D^a Cristina María García González, informadora xuvenil e D^a Trinidad Lorenzo Lema, administrativa, como secretaria; para a apertura, cualificación da documentación e valoración das proposicións presentadas na convocatoria de licitación do servizo “Ludoconcilia Meaño no verán: somos iguais – corresponsabilidade 2024”.

En sesión celebrada o pasado 3 de xuño de 2024 para a apertura, cualificación da documentación e valoración das proposicións presentadas na convocatoria de licitación de Servizo “Ludoconcilia Meaño no verán: Somos Iguais – Corresponsabilidade 2024” a Unidade técnica, ante o escrito presentado pola empresa OCITEM ANIMACION S.L. acorda pospoñer a valoración das propostas presentadas á recepción e estudo o informe solicitado ao Centro de Atención a Usuarios da Xunta de Galicia.

Recibido con data 11 de xuño o informe e certificación do Centro de Atención a Usuarios, sobre a incidencia aberta pola empresa OCITEM ANIMACION S.L. nº 2024053000005368, no cal se recolle o seguinte:

“ **CERTIFICADO DE INTERRUPCIÓN DO SERVIZO**

O Departamento de Coordinación e Calidade da Área para a Transformación Dixital da Facenda Autonómica da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, como responsable da operación e administración tecnolóxica dos servizos de validación de certificados dos que son consumidores e dependentes outros servizos proporcionados á cidadanía

CERTIFICA:

Que o pasado 30/05/2024 detectouse unha situación transitoria de incapacidade na resposta de certos servizos proporcionados pola plataforma de validación de certificados (PVCE/@Firma federado), entre as 8:40 e as 10:00, de servizos fundamentais nos que se apoian outros aplicativos finais proporcionados á cidadanía, como é o caso concreto do SILEX.”

A vista do que antecede a Unidade técnica acorda requirir a empresa OCITEM ANIMACION S.L. para que ata as 10:00 do día 17 de xuño, aporte a través da sede electrónica do concello de Meaño a documentación establecida na cláusula 9.2 do Prego de cláusulas administrativas particulares que rexen neste procedemento de licitación. Tendo en conta que, a devandita documentación, deberá estar asinada dixitalmente dentro das datas establecidas na cláusula 9.2 do Prego de cláusulas administrativas como prazo de presentación de ofertas.





Concello de Meaño

E non sendo outro o obxecto desta reunión dase por rematada, estendéndose a presente acta que, en proba de conformidade asinan o/as participantes.

Documento asinado e datado dixitalmente ao marxe

